




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

 CONCELLO DE ALLARIZ	
16 MAI. 2017	
Nº ENTRADA	Nº SAÍDA
1575	

Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN SOBRE A MELLORA DA SINALIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS E HOSTALEIROS DO CASCO HISTÓRICO DE ALLARIZ

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local e nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte Moción sobre a mellora da sinalización dos establecementos comerciais e hostaleiros situados no Casco Histórico de Allariz, para a súa deliberación en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta indiscutible que un dos piares fundamentais da economía local do noso Concello é o comercio e a hostalería. Dende a Administración Municipal hai que estar en contacto permanente con este sector e cós seus representantes e mimalo. Estar en permanente mellora e a vangarda, pois os recursos económicos que xera son fundamentais.

En datas pasadas un grupo de autónomos (comerciantes e hostaleiros) cuxos locais de negocio están situados na Rúa Portelo, puxéronse en contacto có Concello para trasladarlle a necesidade de instalar unha nova sinalización, que recollera a modo de panel informativo todos e cada un dos locais de negocio desta transitada rúa.

Semella unha boa idea que pode ser ampliada a tódalas rúas do Casco Histórico e adxacentes ao mesmo. Establecer paneis informativos, acordes coas normas urbanísticas vixentes, onde se publicite e se informe de cada un dos establecementos situados en cada rúa e as súas especificidades.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Con esta medida se estaría promocionando e publicitando cada un dos locais de negocio e se evitaría que de xeito individual ou particular se coloque cartelería polas rúas, polas paredes ou pendurada das fiestras; o que supón algo pouco estético e nalgún caso un estorbo para os viandantes.

Esta sinalética abranguería as rúas do casco histórico e arredores onde se informaría dos locais para comer, para descansar, para picar e tomar algo, lugares de interese; así como dos diversos establecementos comerciais, de artesanía, delicatessen e pastelería que están espallados polo noso singular centro histórico.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no concello de Allariz, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

ACORDO:

Que en convivencia coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Allariz se proceda a unha mellor sinalización dos establecementos do Casco Histórico da Vila, que encaixe no entorno singular, e sirva para informar e publicitar os mesmos dun xeito máis acaído.

En Allariz a 15 de Maio de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-